

2018-2024

SINISTRALIDADE LABORAL

ACCIDENTES DE TRÁFICO

GALICIA



INSTITUTO DE
SEGURIDADE E SAÚDE
LABORAL DE GALICIA



CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA (ISSGA)

Autor: Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA)

Edita: Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA)
issga.xunta.gal

Santiago de Compostela, Xuño 2025

Equipo técnico: César André Rivas

2018-2024
SINISTRALIDADE LABORAL

ACCIDENTES DE TRÁFICO
GALICIA



INSTITUTO DE
SEGURIDADE E SAÚDE
LABORAL DE GALICIA

Índice

1. INTRODUCCIÓN.....	7
Fontes de información.....	7
Accidentes de traballo.....	7
2. METODOLOXÍA.....	9
Accidentes de traballo.....	9
Índice de incidencia.....	9
3. RESUMO DE DATOS.....	11
Accidentes laborais de tráfico ocorridos en desprazamento na xornada laboral.....	11
Accidentes laborais de tráfico ocorridos In Itínere.....	12
Variación anual.....	13
Índices de incidencia.....	13
4. CONCLUSIÓNS.....	15
5. ACCIDENTES DE TRABALLO.....	17
POR LUGAR.....	19
SEGUNDO A GRAVIDADE.....	20
POR PROVINCIA DA EMPRESA.....	22
<i>LOCALIZACIÓN GRÁFICA DO CENTRO DE TRABALLO EN GALICIA.....</i>	<i>23</i>
<i>LOCALIZACIÓN GRÁFICA DO CÓDIGO POSTAL DO CONCELLO DO ACCIDENTE EN GALICIA.....</i>	<i>25</i>
SEGUNDO A HORA DO DÍA.....	27
SEGUNDO A HORA DO TRABALLO.....	29
SEGUNDO DÍA DA SEMANA.....	30
SEGUNDO O MES.....	32
SEGUNDO IDADE.....	34
POR SECTOR.....	36
SEGUNDO A SECCIÓN DAS ACTIVIDADES ECONÓMICAS.....	37
SEGUNDO CATEGORÍA PROFESIONAL.....	39
SEGUNDO O TIPO DE CONTRATO.....	41
6. VARIACIÓN ANUAL.....	43
Accidentes laborais con baixa por lugar.....	45
Accidentes laborais de tráfico con baixa por lugar.....	45
Evolución dos accidentes laborais con baixa.....	46

Evolución dos accidentes laborais con baixa en desprazamento na xornada laboral.....	47
Evolución dos accidentes laborais con baixa In Itínere.....	48
7. ÍNDICES DE INCIDENCIA.....	49
ÍNDICE DE INCIDENCIA POR SECTORES.....	51
<i>Índice de Incidencia de accidentes laborais de tráfico en desprazamento na xornada laboral por sectores e ano.....</i>	<i>52</i>
<i>Índice de Incidencia de accidentes laborais de tráfico In Itínere por sectores e ano.....</i>	<i>55</i>

1. INTRODUCCIÓN

Os accidentes de tráfico teñen un peso importante na estatística de sinistralidade laboral.

Os accidentes laborais de tráfico non se contabilizan de forma específica nos datos periódicos sobre sinistralidade. Estes accidentes non son unicamente os sufridos por profesionais cuxa xornada laboral transcorre na súa maior parte na estrada (transportistas, comerciais, condutores de autobuses, taxis, ambulancias, etc.) senón tamén daqueles que acontecen no traxecto normal entre o domicilio e o local de traballo (e viceversa) que se denominan accidentes *in itinere*, nos que estivese implicado un medio de transporte.

Partindo da importancia tanto numérica como pola gravidade das lesións que se producen nos accidentes de tráfico, é necesario manter a liña de estudo aberta dende o observatorio sobre estes accidentes no ámbito laboral para encontrar as medidas máis eficaces para diminuílos.

Fontes de información

Esta publicación elaborouse coa información obtida dos partes de accidentes de traballo notificadas á autoridade laboral galega mediante os sistemas Delt@ (Declaración electrónica de traballadores accidentados) do persoal traballador afiliado á Seguridade Social que teña cubertas as ditas continxencias.

Accidentes de traballo

Na Orde TAS/2926/2002, do 19 de novembro, do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, establécese que a comunicación de partes de accidentes de traballo debe realizarse por medios electrónicos a través dunha aplicación informática denominada Delt@.

Os accidentes de traballo poden, ou non, producir a baixa laboral do persoal traballador. Estes accidentes poden ocorrer durante a xornada de traballo (no propio centro, noutro centro ou en desprazamentos), ou ben, ao ir ou volver do traballo, denominándose nestes casos accidentes *in itinere*.

Neste documento realízase a elaboración estatística sobre os accidentes de traballo con baixa en xornada laboral, e codificados coma "accidente de tráfico", entre os anos 2018 e 2024.

A explotación realízase sobre os accidentes clasificados como "accidente de tráfico", e segundo algunhas das variables incorporadas no parte de accidente de traballo: sectores de actividade, sexo, idade, antigüidade no posto de traballo, provincia, día da semana, hora, etc. Con todo o anterior, faise unha caracterización atendendo aos múltiples aspectos do accidente laboral.

2. METODOLOXÍA

Accidentes de traballo

Período de cómputo: os partes contabilizados nesta monografía son os que se validaron á data de extracción, no sistema Delt@ do Ministerio de Traballo e Economía Social, segundo o indicado na epígrafe *Período de referencia* do *Informe metodolóxico estandarizado de la Estadística de Accidentes de Trabajo (ATR)* do dito ministerio. Os datos dos accidentes sen baixa son obtidos do RESL do Delt@ pola data da relación segundo o sector de actividade correspondentes á actividade económica e á provincia.

Distribución territorial: utilízase a provincia que recibe o parte, que se corresponde coa provincia do centro de traballo onde está dado de alta o persoal traballador accidentado na Seguridade Social.

Distribución por sector de actividade: tense en conta o código CNAE-2009 do centro onde o traballador esta dado de alta na Seguridade Social (segundo o novo criterio das estatísticas laborais do Ministerio). CNAE: Clasificación nacional de actividades económicas.

Ocupación: para a desagregación por ocupacións utilízase a Clasificación nacional de ocupacións (CNO) de 2011.

Índice de incidencia

O índice de sinistralidade utilizado é o índice de incidencia, que representa o número de accidentes con baixa ocorridos durante a xornada de traballo por cada cen mil traballadores e traballadoras. Obtense da seguinte forma: o numerador do cociente correspóndese cos accidentes en xornada de traballo con baixa, e o denominador é a media anual das persoas traballadoras afiliadas a distintos réximes da Seguridade Social que teñan cuberta a continxencia de accidente de traballo.

3. RESUMO DE DATOS

Entre os anos 2018 e 2024 rexistráronse na Comunidade Autónoma de Galicia un total de 224.606 accidentes laborais con baixa, dos cales 126.626 (o 56,38%) se produciron *no centro de traballo habitual*, 43.217 (o 19,24%) foron *en desprazamento na xornada laboral*, 22.209 (o 9,89%) foron *en In itinere*, é dicir, os ocorridos ao ir ou ao regresar do traballo, e 32.554 (o 14,49%) foron *noutro centro de traballo*.

Do total dos accidentes laborais, 153.853 (o 68,50%) corresponderon a homes, e 70.753 (o 31,50%) a mulleres.

De todos os anteriores, **25.262** accidentes (o 11,25%) foron a súa vez catalogados coma **accidentes de tráfico**, dos cales 10 (o 0,13%) se produciron *no centro de traballo habitual*, 8.423 (o 33,34%) foron *en desprazamento na xornada laboral*, 16.783 (o 66,44%) foron *en In itinere*, é dicir, os ocorridos ao ir ou ao regresar do traballo, e 23 (o 0,09%) foron *noutro centro de traballo*.

Do total dos accidentes laborais de tráfico, 14.678 (o 58,10%) corresponderon a homes, e 10.584 (o 41,90%) a mulleres.

Centraremos a análise nos accidentes de tráfico acontecidos *en desprazamento na xornada laboral e In itinere*.

Accidentes laborais de tráfico ocorridos en desprazamento na xornada laboral

Atendendo á gravidade dos sinistros, dos 8.424 rexistrados no intervalo 2018-2024, 8.190 (97,22%) foron leves, 191 (2,27%) graves e 43 (0,51%) mortais.

Dos leves, 6.415 (78,33%) corresponderon a homes, e 1.775 (21,67%) a mulleres. Dos 191 accidentes graves, 160 (83,77%)

afectaron os homes, e 31 (16,23%) as mulleres. Dos 43 accidentes mortais, 40 (93,02%) foron de homes, e 3 (6,98%) de mulleres.

Polo que respecta á distribución provincial, A Coruña é a que rexistra un maior número de accidentes de tráfico en desprazamento, un total de 3.492, que representan un 41,45% dos rexistrados en Galicia, seguida de Pontevedra, que contabiliza 3.341 accidentes, o 39,66% do total. En Lugo producíronse 820 (9,73%), e en Ourense rexistráronse 771 accidentes (9,15%).

As proporcións entre os homes e as mulleres accidentados foron: A Coruña, 3,99, Lugo, 3,41, Ourense, 4,07 e Pontevedra, 3,33, cunha media en Galicia de 3,66.

Por tramo temporal analizado, dos 8.424 accidentes de tráfico en desprazamento, 5.522 (o 65,55%) ocorreron entre as 8 e as 18h. 1.015 (12,05%) aconteceron entre as 22 e as 24h.

En canto a hora de traballo, 5.193 accidentes (o 61,65%) ocorreron a partir da segunda hora de traballo.

Entre o luns e o venres rexistráronse 7.007 accidentes (o 83,18%).

Segundo o mes, os momentos do ano con máis accidentes de tráfico en desprazamento van de setembro a xaneiro.

Segundo a idade e accidente de tráfico en desprazamento na xornada, os tramos de idade con máis accidentados son os de 25-34, 35-44 e 45-54, tanto a nivel xeral coma para Homes e Mulleres por separado. Sendo claramente máis numerosos os accidentes acumulados nos Homes cun 78,53% fronte os acumulados polas Mulleres cun 21,47%.

Os intervalos de idade con mais accidentes graves e mortais son os de 45-54 e 55-65 anos.

O sector Servizos concentra o 84,57% dos accidentes de tráfico en desprazamento, seguido da Construcción (7,44%) e da Industria (6,45%). Por sección da actividade económica, o Transporte e almacenamento ten o 26,54% dos accidentes, seguido da Hostelería (23,34%) e Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas (13,01%).

Por categorías profesionais a de "Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores" concentra o 43,26% dos accidentes, seguido das categorías de "Traballadores dos servizos de restauración, personáis, protección e vendedores" (17,37%) e de "Ocupacións elementáis" (12,48%).

Accidentes laborais de tráfico ocorridos In Itínere

Atendendo á gravidade dos sinistros, dos 16.783 rexistrados no intervalo 2018-2024, 16.467 (98,09%) foron leves, 280 (1,67%) graves e 40 (0,24%) mortais.

Dos leves, 7.813 (47,45%) corresponderon a homes, e 8.654 (52,55%) a mulleres. Dos graves, 183 (65,36%) afectaron os homes, e 97 (34,64%) as mulleres. Dos mortais, 33 (82,50%) foron de homes, e 7 (17,50%) de mulleres.

Polo que respecta á distribución provincial, Pontevedra é a que rexistra un maior número de accidentes laborais de tráfico In Itínere, un total de 7.812, que representan un 46,54% dos rexistrados en Galicia, seguida de A Coruña, que contabiliza 6.410 accidentes, o 38,18% do total. En Lugo producíronse 1.322 (7,88%), e en Ourense rexistráronse 1.243 accidentes (7,40%).

As proporcións entre os homes e as mulleres accidentados foron:

A Coruña, 0,87, Lugo, 0,77, Ourense, 0,84 e Pontevedra, 1,00, cunha media en Galicia de 0,92.

Por tramo temporal analizado, 10.089 accidentes de tráfico In Itínere (60,10%) foron de camiño o traballo e 6.698 (39,90%) foron o volver do traballo. Os tramos horarios que concentran máis accidentes In Itínere son o de 6 a 9 h e o de 14 a 16h. No tramo de 6 a 9h producíronse 5.478 accidentes, dos cales 5.082 (92,77%) foron o ir o traballo, e o resto o volver do traballo. No tramo entre as 14 e as 16h producíronse 3997 accidentes, dos cales 1.668 (41,73%) foron o ir o traballo, e 2.329 (58,27%) o volver do traballo.

Entre o luns e o venres rexistráronse 15.284 accidentes (o 91,05%).

Segundo o mes, os momentos do ano con máis accidentes de tráfico In Itínere van de setembro a xaneiro.

Segundo a idade e accidente de tráfico In Itínere, os tramos de idade con máis accidentados son os de 25-34, 35-44 e 45-54, tanto a nivel xeral coma para Homes e Mulleres por separado. Sendo o acumulado dos accidentes nos Homes dun 47,83% e os acumulados polas Mulleres dun 52,17%.

Os intervalos de idade con mais accidentes graves e mortais son os de 45-54 e 55-65 anos.

O sector Servizos concentra o 71,79% dos accidentes de tráfico In Itínere, seguido da Industria (19,79%) e da Construcción (5,89%). Por sección da actividade económica, a Industria manufactureira ten o 23,54% destes accidentes, seguido do Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas (17,44%) e as Actividades Sanitarias e de servizos sociais (13,66%).

Variación anual

Móstrase a evolución nos accidentes laborais por accidente de tráfico con baixa rexistrados en Galicia no período 2018-2024.

Segundo os datos rexistrados na serie, os accidentes de tráfico do ano 2024 tiveron un incremento do 2,01% respecto dos rexistrados no ano 2018. No caso dos homes ao peche de 2024 rexistráronse 1,38% menos que no 2018, e no caso das mulleres rexistrouse un incremento do 6,80%.

Os accidentes laborais de tráfico en desprazamento na xornada incrementáronse no período un 5,81%, nos homes o incremento foi do 2,78% e nas mulleres do 16,74%.

Este tipo de accidente no intervalo analizado xerou unha tendencia de incremento nos intervalos de idade de 45-54 e 55-65 anos, tanto a nivel xeral coma para ambos sexos por separado.

Respecto os accidentes laborais de tráfico In Itínere, éstos sufriron un incremento no período do 0,85%. No caso dos Homes rexistrouse un descenso do 3,53% e nas Mulleres un incremento do 5,16%.

Este tipo de accidente no intervalo analizado xerou unha tendencia de incremento de accidentabilidade máis claro no intervalo de idade de 45-54 anos, tanto a nivel xeral coma para ambos sexos por separado.

No intervalo de 2018 a 2024 a poboación afiliada en Galicia incrementouse un 26,31%. Cun incremento de 29,01% en Homes e 23,58% en Mulleres.

Índices de incidencia

O índice de incidencia reflicte que en Galicia os accidentes laborais por tráfico son inferiores nos últimos anos do rango de análise respecto os primeiros anos do mesmo, tanto no análise dos accidentes de tráfico en desprazamento coma nos In Itínere.

Esta evolución dos índices non é similar para todos os sectores de actividade, especialmente nos accidentes de tráfico en desprazamento.

No análise da evolución dos índices dos accidentes de tráfico en desprazamento na xornada, os sectores cos índices máis elevados a peche de 2024 son Construcción e Servizos. A evolución xeral do índice de incidencia no tramo temporal analizado reflexa unha diminución no 2024 respecto o 2018, en troques no sector da Construcción o índice no 2024 é superior o que tiña no ano 2018.

Os índices de incidencia en desprazamento son claramente superiores nos Homes que nas Mulleres, con ratios entre 3 e 4,3 dependendo do ano, pero é especialmente nos sectores de Agricultura e de Servizos onde o ratio é xeralmente máis elevado reflexando unha maior accidentabilidade nos Homes.

No análise da evolución dos índices dos accidentes de tráfico In Itínere, os sectores cos índices máis elevados a peche de 2024 son Servizos e Industria. A evolución xeral do índice de incidencia no tramo temporal analizado reflexa unha diminución no 2024 respecto o 2018 para os diferentes sectores analizados.

Os índices de incidencia In Itínere son menores nos Homes que nas Mulleres, con ratios entre 0,8 e 1 dependendo do ano, pero é especialmente no sector de Agricultura, onde o ratio é xeralmente máis elevado reflexando unha maior accidentabilidade nos Homes.

4. CONCLUSIÓNS

Entre os anos 2018 e 2024, os accidentes laborais por accidente de tráfico en Galicia supuxeron unha media do 11,25% do total dos accidentes de traballo rexistrados na Comunidade. A peche de 2024 os resultados totáis son moi similares os obtidos no 2018.

Comparativamente, analizando a gravidade respecto o total dos accidentes de traballo, os accidentes laborais de tráfico supuxeron o 11,19% dos leves, o 13,62% dos graves e o 19,95% dos mortais. O que reflicta que a medida que incrementamos a gravidade o número relativo de casos se incrementa, chegando a supoñer en Galicia aproximadamente a relación coa morte en 2 de cada 10 accidentes mortais.

O ratio de mortandade por accidentes de tráfico laborais entre Homes e Mulleres é de aproximadamente 7:1. Comparativamente co total dos accidentes de traballo, os accidentes de tráfico por desprazamento na xornada e por In Itínere, reflictan que 2 de cada 10 Homes e 6 de cada 10 Mulleres que faleceron por accidente de traballo, estaban relacionados con accidentes de tráfico.

A incidencia nos casos de accidentes de traballo de tráfico en desprazamento na xornada é moito mais elevada nos homes que nas mulleres, pero nos accidentes In Itínere é algo máis elevada a incidencia no caso das Mulleres.

Por sector de actividade, o sector Servizos é o que concentra o maior volumen accidentes de tráfico en desprazamento e os sectores de Servizos e Industria os que teñen as maiores incidencias. En canto os In Itínere, sendo tamén o sector Servizos o que ten o maior volume de accidentes de tráfico, é o sector da Industria o que reflicta unha maior incidencia.

Xa vimos que en canto a accidentes de tráfico en desprazamento entre as actividades económicas de Transporte e almacenamento e Hostelería acumulan practicamente a metade dos accidentes de tráfico en desprazamento na xornada, pertencendo a estas actividades o 33,30% dos accidentes relacionados coa categoría profesional de "Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores".

En canto os accidentes de tráfico In Itínere, o 54,63% dos accidentes están concentrados nas actividades económicas de Industria manufacturera, Comercio por xunto e polo miúdo; e reparación de vehículos de motor e motocicletas e as Actividades Sanitarias e de servizos sociais. Na Industria Manufacturera as categorías profesionais de "Arteáns e traballadores cualificados", "Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores" e "Ocupacións elementais" acumulan o 20,17% do total dos In Itínere, o que supón tamén o 85% destes accidentes dentro da mesma actividade económica. Nas actividades de Comercio por xunto e polo miúdo; e reparación de vehículos de motor e motocicletas e as Actividades Sanitarias e de servizos sociais, a categoría profesional de "Traballadores dos servizos de restauración, personais, protección e vendedores" acumulan o 15,61% do total dos In Itínere.

5.

**ACCIDENTES DE
TRABALLO**

Accidentes de traballo con baixa, e codificados coma "accidente de tráfico", entre os anos 2018 e 2024

POR LUGAR

	Galicia. Total de Accidentes laborais segundo o lugar por ano	
	Total	Total
	Home	Muller
No centro de traballo habitual	80952	45674
En desprazamento na xornada laboral	36005	7212
In itinere	9435	12774
Noutro centro de traballo	27461	5093
Total	153853	70753

	Galicia. Accidentes laborais por accidente de tráfico segundo o lugar por ano	
	Total	Total
	Home	Muller
No centro de traballo habitual	23	10
En desprazamento na xornada laboral	6614	1809
In itinere	8027	8756
Noutro centro de traballo	14	9
Total	14678	10584

	Galicia. % Accidentes laborais por accidente de tráfico segundo o lugar por ano sobre o total	
	Total	Total
	Home	Muller
No centro de traballo habitual	0,03 %	0,02 %
En desprazamento na xornada laboral	18,37 %	25,08 %
In itinere	85,08 %	68,55 %
Noutro centro de traballo	0,05 %	0,18 %
Total	9,54 %	14,96 %

SEGUNDO A GRAVIDADE

Accidentes de traballo en desprazamento na xornada laboral


	Galicia. Accidentes laborais por accidente de tráfico en desprazamento segundo a gravidade				
	Homes	Mulleres	Total	% Homes	% Mulleres
	Leves	6415	1775	8190	78,33 %
Graves	160	31	191	83,77 %	16,23 %
Mortais	40	3	43	93,02 %	6,98 %
TOTAL	6615	1809	8424	78,53 %	21,47 %

Accidentes de traballo In itinere

	Galicia. Accidentes laborais por accidente de tráfico In itinere segundo a gravidade				
	Homes	Mulleres	Total	% Homes	% Mulleres
	Leves	7813	8654	16467	47,45 %
Graves	183	97	280	65,36 %	34,64 %
Mortais	33	7	40	82,50 %	17,50 %
TOTAL	8029	8758	16787	47,83 %	52,17 %

Accidentes laborais segundo a gravidade


En desprazamento na xornada laboral



■ Leves ■ Graves ■ Mortais

Accidentes laborais segundo a gravidade


In Itinere



■ Leves ■ Graves ■ Mortais


Evolución dos accidentes de tráfico graves e mortais

En desprazamento na xornada laboral



Evolución dos accidentes de tráfico graves e mortais

In Itínere



POR PROVINCIA DA EMPRESA

Accidentes de traballo en desprazamento na xornada laboral


	Galicia. Accidentes laborais por accidente de tráfico en desprazamento segundo a provincia da empresa				
	Homes	Mulleres	Total	% Homes	% Mulleres
A Coruña	2792	700	3492	79,95 %	20,05 %
Lugo	634	186	820	77,32 %	22,68 %
Ourense	619	152	771	80,29 %	19,71 %
Pontevedra	2570	771	3341	76,92 %	23,08 %
TOTAL	6615	1809	8424	78,53 %	21,47 %

Accidentes de traballo In itínera

	Galicia. Accidentes laborais por accidente de tráfico In itínera segundo a provincia da empresa				
	Homes	Mulleres	Total	% Homes	% Mulleres
A Coruña	2983	3427	6410	46,54 %	53,46 %
Lugo	575	747	1322	43,49 %	56,51 %
Ourense	569	674	1243	45,78 %	54,22 %
Pontevedra	3902	3910	7812	49,95 %	50,05 %
TOTAL	8029	8758	16787	47,83 %	52,17 %


Accidentes laborais por provincia

En desprazamento na xornada laboral




Accidentes laborais por provincia

in Itínera




LOCALIZACIÓN GRÁFICA DO CENTRO DE TRABALLO EN GALICIA

Segundo o código postal do centro de traballo asociado o accidente de traballo en desprazamento na xornada laboral




Segundo o código postal do centro de traballo asociado o accidente de traballo In Itínere




LOCALIZACIÓN GRÁFICA DO CÓDIGO POSTAL DO CONCELLO DO ACCIDENTE EN GALICIA

Segundo os accidentes de traballo en desprazamento na xornada laboral



Segundo os accidentes de traballo In Itínere




SEGUNDO A HORA DO DÍA

Accidentes de traballo en desprazamento na xornada laboral

Galicia. Accidentes laborais por accidente de tráfico en desprazamento segundo a hora do día					
	Homes	Mulleres	Total	% Homes*	% Mulleres*
00.00 - 05.59	279	35	314	88,85 %	11,15 %
06.00 - 07.59	172	29	201	85,57 %	14,43 %
08.00 - 09.59	523	250	773	67,66 %	32,34 %
10.00 - 11.59	923	444	1367	67,52 %	32,48 %
12.00 - 13.59	958	366	1324	72,36 %	27,64 %
14.00 - 15.59	971	219	1190	81,60 %	18,40 %
16.00 - 17.59	685	183	868	78,92 %	21,08 %
18.00 - 19.59	536	151	687	78,02 %	21,98 %
20.00 - 21.59	615	70	685	89,78 %	10,22 %
22.00 - 23.59	953	62	1015	93,89 %	6,11 %
TOTAL	6615	1809	8424	78,53 %	21,47 %


Acumulado AT de tráfico segundo a hora do día

En desprazamento na xornada laboral



Acumulado AT de tráfico en desprazamento graves e mortais segundo a hora do día


2018-2024




Accidentes de traballo In itínere

Galicia. Accidentes laborais por accidente de tráfico In itínere segundo a hora do día					
	Homes	Mulleres	Total	% Homes*	% Mulleres*
00.00 - 05.59	516	381	897	57,53 %	42,47 %
06.00 - 07.59	1364	1122	2486	54,87 %	45,13 %
08.00 - 09.59	1218	1774	2992	40,71 %	59,29 %
10.00 - 11.59	222	419	641	34,63 %	65,37 %
12.00 - 13.59	730	621	1351	54,03 %	45,97 %
14.00 - 15.59	1725	2272	3997	43,16 %	56,84 %
16.00 - 17.59	534	796	1330	40,15 %	59,85 %
18.00 - 19.59	658	401	1059	62,13 %	37,87 %
20.00 - 21.59	523	495	1018	51,38 %	48,62 %
22.00 - 23.59	539	477	1016	53,05 %	46,95 %
TOTAL	8029	8758	16787	47,83 %	52,17 %

Acumulado AT de tráfico segundo a hora do día



Acumulado AT de tráfico In Itínere graves e mortais segundo a hora do día




SEGUNDO A HORA DO TRABALLO

Accidentes de traballo en desprazamento na xornada laboral


	Galicia. Accidentes laborais por accidente de tráfico en desprazamento segundo a hora do traballo				
	Homes	Mulleres	Total	% Homes*	% Mulleres*
Primeira	1096	302	1398	78,40 %	21,60 %
Segunda	1438	395	1833	78,45 %	21,55 %
Terceira	1157	307	1464	79,03 %	20,97 %
Cuarta	835	272	1107	75,43 %	24,57 %
Quinta	659	194	853	77,26 %	22,74 %
Sexta	613	156	769	79,71 %	20,29 %
Sétima	432	92	524	82,44 %	17,56 %
Oitava	324	66	390	83,08 %	16,92 %
Novena	26	9	35	74,29 %	25,71 %
Décima	14	7	21	66,67 %	33,33 %
Décimo primeira	6	2	8	75,00 %	25,00 %
Décimo segunda	9	4	13	69,23 %	30,77 %
Mayor de duodécima	6	3	9	66,67 %	33,33 %
TOTAL	6615	1809	8424	78,53 %	21,47 %

Acumulado AT de tráfico segundo a hora do traballo

En desprazamento na xornada laboral



Acumulado AT de tráfico en desprazamento graves e mortais segundo a hora do traballo




SEGUNDO DÍA DA SEMANA

Accidentes de traballo en desprazamento na xornada laboral

Galicia. Accidentes laborais por accidente de tráfico en desprazamento segundo o día da semana					
	Homes	Mulleres	Total	% Homes*	% Mulleres*
Luns	1082	331	1413	76,57 %	23,43 %
Martes	1060	342	1402	75,61 %	24,39 %
Mércores	1039	305	1344	77,31 %	22,69 %
Xoves	982	309	1291	76,07 %	23,93 %
Venres	1228	329	1557	78,87 %	21,13 %
Sábado	675	116	791	85,34 %	14,66 %
Domingo	549	77	626	87,70 %	12,30 %
TOTAL	6615	1809	8424	78,53 %	21,47 %

Accidentes laborais segundo o día da semana

En desprazamento na xornada laboral




Accidentes de traballo In Itínere

Galicia. Accidentes laborais por accidente de tráfico In itínere segundo o día da semana					
	Homes	Mulleres	Total	% Homes*	% Mulleres*
Luns	1577	1671	3248	48,55 %	51,45 %
Martes	1465	1634	3099	47,27 %	52,73 %
Mércores	1464	1499	2963	49,41 %	50,59 %
Xoves	1419	1590	3009	47,16 %	52,84 %
Venres	1442	1523	2965	48,63 %	51,37 %
Sábado	402	538	940	42,77 %	57,23 %
Domingo	260	303	563	46,18 %	53,82 %
TOTAL	8029	8758	16787	47,83 %	52,17 %

Accidentes laborais segundo o día da semana

In Itínere




SEGUNDO O MES

Accidentes de traballo en desprazamento na xornada laboral

Galicia. Accidentes laborais por accidente de tráfico en desprazamento segundo o mes					
	Homes	Mulleres	Total	% Homes*	% Mulleres*
Xaneiro	562	169	731	76,88 %	23,12 %
Febreiro	484	129	613	78,96 %	21,04 %
Marzo	507	150	657	77,17 %	22,83 %
Abril	486	124	610	79,67 %	20,33 %
Maio	496	145	641	77,38 %	22,62 %
Xuño	479	140	619	77,38 %	22,62 %
Xullo	495	136	631	78,45 %	21,55 %
Agosto	564	133	697	80,92 %	19,08 %
Setembro	618	153	771	80,16 %	19,84 %
Outubro	671	192	863	77,75 %	22,25 %
Novembro	631	169	800	78,88 %	21,13 %
Decembro	622	170	792	78,54 %	21,46 %
TOTAL	6615	1810	8425	78,52 %	21,48 %

Accidentes laborais segundo o mes

En desprazamento na xornada laboral




Accidentes de traballo In Itínere

Galicia. Accidentes laborais por accidente de tráfico In Itínere segundo o mes					
	Homes	Mulleres	Total	% Homes*	% Mulleres*
Xaneiro	685	846	1531	44,74 %	55,26 %
Febreiro	572	705	1277	44,79 %	55,21 %
Marzo	590	682	1272	46,38 %	53,62 %
Abril	538	622	1160	46,38 %	53,62 %
Maio	595	588	1183	50,30 %	49,70 %
Xuño	657	662	1319	49,81 %	50,19 %
Xullo	684	609	1293	52,90 %	47,10 %
Agosto	646	605	1251	51,64 %	48,36 %
Setembro	824	791	1615	51,02 %	48,98 %
Outubro	847	977	1824	46,44 %	53,56 %
Novembro	785	911	1696	46,29 %	53,71 %
Decembro	612	766	1378	44,41 %	55,59 %
TOTAL	8035	8764	16799	47,83 %	52,17 %

Accidentes laborais segundo o mes

In Itínere




SEGUNDO IDADE

Accidentes de traballo en desprazamento na xornada laboral

	Galicia. Accidentes laborais por accidente de tráfico en desprazamento segundo a idade				
	Homes	Mulleres	Total	% Homes	% Mulleres
Menor de 16 anos	0	0	0	-%	-%
De 16 a 19 anos	211	14	225	93,78 %	6,22 %
De 20 a 24 anos	1017	121	1138	89,37 %	10,63 %
De 25 a 34 anos	1833	407	2240	81,83 %	18,17 %
De 35 a 44 anos	1516	479	1995	75,99 %	24,01 %
De 45 a 54 anos	1299	527	1826	71,14 %	28,86 %
De 55 a 65 anos	713	252	965	73,89 %	26,11 %
Maior de 65 anos	26	9	35	74,29 %	25,71 %
TOTAL	6615	1809	8424	78,53 %	21,47 %

Accidentes laborais segundo Idade


En desprazamento na xornada laboral



Accidentes de traballo In Itínere

Galicia. Accidentes laborais por accidente de tráfico In itínere segundo a idade					
	Homes	Mulleres	Total	% Homes	% Mulleres
Menor de 16 anos	1	0	1	100,00 %	0,00 %
De 16 a 19 anos	154	76	230	66,96 %	33,04 %
De 20 a 24 anos	812	716	1528	53,14 %	46,86 %
De 25 a 34 anos	2150	2379	4529	47,47 %	52,53 %
De 35 a 44 anos	2361	2571	4932	47,87 %	52,13 %
De 45 a 54 anos	1739	2042	3781	45,99 %	54,01 %
De 55 a 65 anos	793	956	1749	45,34 %	54,66 %
Maíor de 65 anos	19	18	37	51,35 %	48,65 %
TOTAL	8029	8758	16787	47,83 %	52,17 %

Accidentes laborais segundo Idade





POR SECTOR

Accidentes de trabajo en desprazamento na xornada laboral

Galicia. Accidentes laborais por accidente de tráfico en desprazamento segundo o sector de actividade					
	Homes	Mulleres	Total	% Homes	% Mulleres
Agricultura	95	20	115	82,61 %	17,39 %
Pesca	11	4	15	73,33 %	26,67 %
Industria	403	140	543	74,22 %	25,78 %
Construción	596	31	627	95,06 %	4,94 %
Servizos	5510	1614	7124	77,34 %	22,66 %
TOTAL	6615	1809	8424	78,53 %	21,47 %

Accidentes de trabajo In itinere

Galicia. Accidentes laborais por accidente de tráfico In itinere segundo o sector de actividade					
	Homes	Mulleres	Total	% Homes	% Mulleres
Agricultura	193	69	262	73,66%	26,34%
Pesca	120	43	163	73,62%	26,38%
Industria	2261	1061	3322	68,06%	31,94%
Construción	919	69	988	93,02%	6,98%
Servizos	4536	7516	12052	37,64%	62,36%
TOTAL	8029	8758	16787	47,83%	52,17%



SEGUNDO A SECCIÓN DAS ACTIVIDADES ECONÓMICAS

Accidentes de traballo en desprazamento na xornada laboral

	Galicia. Accidentes laborais por accidente de tráfico en desprazamento segundo a sección actividade económica*				
	Homes	Mulleres	Total	% Homes	% Mulleres
A AGRICULTURA, GANDERÍA, SILVICULTURA E PESCA	107	25	132	81,06 %	18,94 %
B INDUSTRIAS EXTRACTIVAS	6	0	6	100,00 %	0,00 %
C INDUSTRIA MANUFACTUREIRA	303	129	432	70,14 %	29,86 %
D SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, VAPOR E AIRE ACONDICIONADO	3	1	4	75,00 %	25,00 %
E SUBMINISTRO DE AUGA, ACTIVIDADES DE SANEAMENTO, XESTIÓN DE RESIDUOS E DESCONTAMINACIÓN	107	15	122	87,70 %	12,30 %
F CONSTRUCCIÓN	592	30	622	95,18 %	4,82 %
G COMERCIO O POR XUNTO E O POLO MIUDO; REPARACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR E MOTOCICLETAS	892	204	1096	81,39 %	18,61 %
H TRANSPORTE E ALMACENAMENTO	1815	421	2236	81,17 %	18,83 %
I HOSTALERÍA	1847	119	1966	93,95 %	6,05 %
J INFORMACIÓN E COMUNICACIÓNS	91	20	111	81,98 %	18,02 %
K ACTIVIDADES FINANCEIRAS E DE SEGUROS	21	28	49	42,86 %	57,14 %
L ACTIVIDADES INMOBILIARIAS	9	9	18	50,00 %	50,00 %
M ACTIVIDADES PROFESIONAIS, CIENTÍFICAS E TÉCNICAS	78	91	169	46,15 %	53,85 %
N ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS AUXILIARES	196	105	301	65,12 %	34,88 %
O ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E DEFENSA; SEGURIDADE SOCIAL OBRIGATORIA	290	139	429	67,60 %	32,40 %
P EDUCACIÓN	40	51	91	43,96 %	56,04 %
Q ACTIVIDADES SANITARIAS E DE SERVIZOS SOCIAIS	138	359	497	27,77 %	72,23 %
R ACTIVIDADES ARTÍSTICAS, RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO	20	15	35	57,14 %	42,86 %
S OUTROS SERVIZOS	57	33	90	63,33 %	36,67 %
T ACTIVIDADES DOS FOGARES: COMO EMPREGADORES DE PERSOAL DOMÉSTICO E COMO PRODUTORES DE BENS E SERVIZOS PARA USO PROPIO	3	15	18	16,67 %	83,33 %
U ACTIVIDADES DE ORGANIZACIÓNS E ORGANISMOS EXTRATERRITORIAIS	0	0	0	-%	-%
TOTAL	6615	1809	8424	78,53 %	21,47 %

*Clasificación nacional de actividades económicas (CNAE) 2009

Accidentes de traballo in Itínere

	Galicia. Accidentes laborais por accidente de tráfico In itínere segundo a sección actividade económica*				
	Homes	Mulleres	Total	% Homes	% Mulleres
A AGRICULTURA, GANDERÍA, SILVICULTURA E PESCA	328	131	459	71,46 %	28,54 %
B INDUSTRIAS EXTRACTIVAS	20	1	21	95,24 %	4,76 %
C INDUSTRIA MANUFACTUREIRA	2568	1383	3951	65,00 %	35,00 %
D SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, VAPOR E AIRE ACONDICIONADO	16	8	24	66,67 %	33,33 %
E SUBMINISTRO DE AUGA, ACTIVIDADES DE SANEAMENTO, XESTIÓN DE RESIDUOS E DESCONTAMINACIÓN	94	18	112	83,93 %	16,07 %
F CONSTRUCCIÓN	872	72	944	92,37 %	7,63 %
G COMERCIO O POR XUNTO E O POLO MIUDO; REPARACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR E MOTOCICLETAS	1273	1654	2927	43,49 %	56,51 %
H TRANSPORTE E ALMACENAMENTO	670	276	946	70,82 %	29,18 %
I HOSTALERÍA	544	741	1285	42,33 %	57,67 %
J INFORMACIÓN E COMUNICACIÓNS	133	108	241	55,19 %	44,81 %
K ACTIVIDADES FINANCEIRAS E DE SEGUROS	64	108	172	37,21 %	62,79 %
L ACTIVIDADES INMOBILIARIAS	7	16	23	30,43 %	69,57 %
M ACTIVIDADES PROFESIONAIS, CIENTÍFICAS E TÉCNICAS	193	295	488	39,55 %	60,45 %
N ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS AUXILIARES	308	470	778	39,59 %	60,41 %
O ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E DEFENSA; SEGURIDADE SOCIAL OBRIGATORIA	289	480	769	37,58 %	62,42 %
P EDUCACIÓN	107	534	641	16,69 %	83,31 %
Q ACTIVIDADES SANITARIAS E DE SERVIZOS SOCIAIS	331	1962	2293	14,44 %	85,56 %
R ACTIVIDADES ARTÍSTICAS, RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO	105	80	185	56,76 %	43,24 %
S OUTROS SERVIZOS	98	297	395	24,81 %	75,19 %
T ACTIVIDADES DOS FOGARES: COMO EMPREGADORES DE PERSOAL DOMÉSTICO E COMO PRODUTORES DE BENS E SERVIZOS PARA USO PROPIO	8	124	132	6,06 %	93,94 %
U ACTIVIDADES DE ORGANIZACIÓNS E ORGANISMOS EXTRATERRITORIAIS	1	0	1	100,00 %	0,00 %
TOTAL	8029	8758	16787	47,83 %	52,17 %

*Clasificación nacional de actividades económicas (CNAE) 2009

SEGUNDO CATEGORÍA PROFESIONAL

Accidentes de traballo en desprazamento na xornada laboral

Galicia. Accidentes laborais por accidente de tráfico en desprazamento segundo a categoría profesional*					
	Homes	Mulleres	Total	% Homes	% Mulleres
Ocupacións militares	0	0	0	-%	-%
Directores e xerentes	79	38	117	67,52 %	32,48 %
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	85	148	233	36,48 %	63,52 %
Técnicos; profesionais de apoio	313	142	455	68,79 %	31,21 %
Empregados contables, administrativos e outros empregados de oficina	311	294	605	51,40 %	48,60 %
Traballadores dos servizos de restauración, personáis, protección e vendedores	838	625	1463	57,28 %	42,72 %
Traballadores cualificados no sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro	99	23	122	81,15 %	18,85 %
Arteáns e traballadores cualificados das industrias manufactureras e a construción (excepto operadores de instalacións e maquinaria)	689	45	734	93,87 %	6,13 %
Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	3355	289	3644	92,07 %	7,93 %
Ocupacións elementais	846	205	1051	80,49 %	19,51 %
TOTAL	6615	1809	8424	78,53 %	21,47 %

* Codificación da Clasificación nacional de ocupacións (CNO) 2011

Accidentes laborais segundo a categoría profesional

En desprazamento na xornada laboral



** excepto operadores de instalacións e maquinaria

Accidentes de traballo in Itínera

	Galicia. Accidentes laborais por accidente de tráfico In itínera segundo a categoría profesional*				
	Homes	Mulleres	Total	% Homes	% Mulleres
Ocupacións militares	0	0	0	-%	-%
Directores e xerentes	70	74	144	48,61 %	51,39 %
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	367	1125	1492	24,60 %	75,40 %
Técnicos; profesionais de apoio	485	534	1019	47,60 %	52,40 %
Empregados contables, administrativos e outros empregados de oficina	471	1171	1642	28,68 %	71,32 %
Traballadores dos servizos de restauración, personais, protección e vendedores	1267	3289	4556	27,81 %	72,19 %
Traballadores cualificados no sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro	173	69	242	71,49 %	28,51 %
Arteáns e traballadores cualificados das industrias manufactureras e a construción (excepto operadores de instalacións e maquinaria)	2237	632	2869	77,97 %	22,03 %
Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	1280	292	1572	81,42 %	18,58 %
Ocupacións elementais	1679	1572	3251	51,65 %	48,35 %
TOTAL	8029	8758	16787	47,83 %	52,17 %

* Codificación da Clasificación nacional de ocupacións (CNO) 2011

Accidentes laborais segundo a categoría profesional

In Itínera



** excepto operadores de instalacións e maquinaria

SEGUNDO O TIPO DE CONTRATO

Accidentes de traballo en desprazamento na xornada laboral


Galicia. Accidentes laborais por accidente de tráfico en desprazamento segundo o tipo de contrato					
	Homes	Mulleres	Total	% Homes	% Mulleres
Autónomos	783	217	1000	78,30 %	21,70 %
Indefinidos	3864	983	4847	79,72 %	20,28 %
Temporais	1968	609	2577	76,37 %	23,63 %
TOTAL	6615	1809	8424	78,53 %	21,47 %

Accidentes de traballo In Itínere

Galicia. Accidentes laborais segundo In itínere segundo o tipo de contrato					
	Homes	Mulleres	Total	% Homes	% Mulleres
Autónomos	309	244	553	55,88 %	44,12 %
Indefinidos	5018	5093	10111	49,63 %	50,37 %
Temporais	2702	3421	6123	44,13 %	55,87 %
TOTAL	8029	8758	16787	47,83 %	52,17 %


Accidentes laborais segundo o tipo de contrato

En desprazamento na xornada laboral



Accidentes laborais segundo o tipo de contrato

In Itínere



*

6.

VARIACIÓN ANUAL

Variación anual 2018-2024

Accidentes laborais con baixa por lugar


	Galicia. Total de Accidentes laborais segundo o lugar por ano													
	2018		2019		2020		2021		2022		2023		2024	
	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller
No centro de traballo habitual	12809	7126	13430	7246	10083	5792	11268	6371	11415	6465	11069	6336	10878	6338
En desprazamento na xornada laboral	5170	987	5708	1149	4833	908	5445	940	5495	1137	5131	1110	4223	981
In itinere	1419	1869	1477	2027	1161	1449	1190	1687	1349	1809	1428	2034	1411	1899
Noutro centro de traballo	3272	484	4161	650	3409	611	3902	797	3782	806	4294	824	4641	921
Total	22670	10466	24776	11072	19486	8760	21805	9795	22041	10217	21922	10304	21153	10139

Accidentes laborais de tráfico con baixa por lugar


	Galicia. Accidentes laborais por accidente de tráfico segundo o lugar por ano													
	2018		2019		2020		2021		2022		2023		2024	
	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller
No centro de traballo habitual	10	2	6	1	1	2	2	1	0	1	2	2	2	1
En desprazamento na xornada laboral	863	239	1048	310	828	213	994	220	991	280	1003	268	887	279
In itinere	1218	1241	1242	1419	1008	1006	999	1159	1174	1228	1211	1398	1175	1305
Noutro centro de traballo	4	4	2	1	2	1	1	0	0	0	3	1	2	2
Total	2095	1486	2298	1731	1839	1222	1996	1380	2165	1509	2219	1669	2066	1587

Evolución dos accidentes laborales con baixa


Evolución accidentes laborales
2018-2024



Evolución accidentes laborales
2018-2024




Evolución accidentes laborales
2018-2024



Evolución dos accidentes laborais con baixa en desprazamento na xornada laboral

Evolución AT en desprazamento na xornada laboral


2018-2024



— AT en desprazamento na xornada laboral
 — AT por tráfico en desprazamento na xornada laboral

Evolución AT en desprazamento na xornada laboral


2018-2024



— AT en desprazamento na xornada laboral
 — AT por tráfico en desprazamento na xornada laboral

Evolución AT en desprazamento na xornada laboral

2018-2024




— AT en desprazamento na xornada laboral
 — AT por tráfico en desprazamento na xornada laboral

Evolución dos accidentes laborais con baixa In Itínere


Evolución AT In Itínere

2018-2024




Evolución AT In Itínere

2018-2024



Evolución AT In Itínere

2018-2024



7.

ÍNDICES DE INCIDENCIA

Índices de incidencia

ÍNDICE DE INCIDENCIA POR SECTORES.

Índice de incidencia por 100.000 traballadores e traballadoras

Base do índice: poboación afiliada á Seguridade Social con continxencia de accidente de traballo cuberta

Fonte: Ministerio de Traballo e Economía Social

Datos da poboación afiliada entre os anos 2018 e 2024.


	Pob. Afiliada 2018		Pob. Afiliada 2019		Pob. Afiliada 2020		Pob. Afiliada 2021		Pob. Afiliada 2022		Pob. Afiliada 2023		Pob. Afiliada 2024	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Agricultura	17.458	13.683	20.495	14.524	20.565	14.081	20.755	13.729	20.436	13.133	20.337	12.573	20.436	11.963
Pesca	14.213	4.417	14.003	4.501	13.640	4.393	13.375	4.204	13.182	4.193	12.817	4.108	12.202	3.830
Industria	94.032	38.161	103.066	42.564	101.464	42.245	101.595	42.095	102.146	43.104	102.798	43.772	104.020	44.283
Construción	48.234	4.827	70.785	7.139	68.026	7.089	70.315	7.327	71.526	7.646	72.613	7.900	73.154	8.179
Servizos	243.275	351.110	312.706	417.320	305.444	410.152	312.493	419.331	319.243	429.968	322.519	433.423	328.518	442.114
TOTAL	417.276	412.982	521.204	487.956	509.406	481.010	518.882	490.302	526.840	501.041	531.085	501.776	538.331	510.368

Índice de Incidencia de accidentes laborales de tráfico en desprazamento na xornada Laboral por sectores e ano

Galicia. Índice de Incidencia de accidentes laborales de tráfico en desprazamento por sectores e ano							
	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Agricultura	70,65	54,26	23,09	29,00	74,47	57,73	37,04
Pesca	5,37	21,62	5,55	22,75	5,76	11,82	12,48
Industria	62,79	50,13	45,93	50,11	54,39	57,99	57,32
Construción	116,85	137,31	114,49	103,04	111,15	116,75	135,25
Servizos	157,14	158,21	122,97	143,20	143,88	141,68	124,31
Total	132,73	134,57	105,11	120,30	123,65	123,06	111,28

Evolución Índices de Incidencia por sector


Accidentes laborales de tráfico en desprazamento na xornada



Galicia. Índice de Incidencia de accidentes laborais de tráfico en desprazamento por sector, ano e sexo														
	2018		2019		2020		2021		2022		2023		2024	
	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller
Agricultura	120,29	7,31	78,07	20,66	29,18	14,20	33,73	21,85	97,87	38,07	88,51	7,95	34,25	41,80
Pesca	7,04	0,00	14,28	44,43	0,00	22,76	29,91	0,00	7,59	0,00	7,80	24,34	16,39	0,00
Industria	63,81	60,27	51,42	46,99	50,26	35,51	53,15	42,76	56,78	48,72	65,18	41,12	57,68	56,46
Construción	124,39	41,43	145,51	56,03	117,60	84,64	106,66	68,24	114,64	78,47	126,70	25,32	142,17	73,36
Servizos	296,37	60,66	279,50	67,33	226,23	46,08	273,29	46,26	259,99	57,68	255,80	56,76	217,64	54,96
Total	206,82	57,87	201,07	63,53	162,54	44,28	191,57	44,87	188,10	55,88	188,86	53,41	164,95	54,67


Evolución Índices de Incidencia por sexo

Accidentes laborais de tráfico en desprazamento na xornada




Evolución Índices de Incidencia por sector

Accidentes laborales de tráfico en desprazamento na xornada



Evolución Índices de Incidencia por sector

Accidentes laborales de tráfico en desprazamento na xornada




Índice de Incidencia de accidentes laborales de tráfico In Itínere por sectores e ano

Galicia. Índice de Incidencia de accidentes laborales de tráfico In Itínere por sectores e ano							
	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Agricultura	144,50	97,09	124,11	101,50	92,35	133,70	92,60
Pesca	134,19	145,91	138,63	136,53	126,62	124,08	118,51
Industria	388,83	340,59	302,00	292,30	343,55	348,64	302,08
Construcción	245,00	246,39	157,09	157,13	159,15	183,82	186,89
Servizos	293,58	261,91	194,80	212,76	230,11	249,49	237,99
Total	296,17	263,68	203,35	213,84	233,68	252,70	236,77

Evolución Índices de Incidencia por sector


Accidentes laborales de tráfico In Itínere



Galicia. Índice de Incidencia de accidentes laborais de tráfico In Itinere por sector, ano e sexo														
	2018		2019		2020		2021		2022		2023		2024	
	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller
Agricultura	183,30	95,01	102,46	89,51	160,47	71,02	134,91	50,99	97,87	83,76	177,02	63,63	112,55	58,51
Pesca	126,64	158,48	128,54	199,96	139,30	136,58	142,06	118,93	151,72	47,70	124,83	121,71	81,95	234,99
Industria	384,98	398,31	324,06	380,60	303,56	298,26	276,59	330,21	326,00	385,12	327,83	397,51	294,17	320,66
Construción	257,08	124,30	250,05	210,11	163,17	98,74	155,02	177,43	167,77	78,47	194,18	88,61	187,28	183,40
Servizos	280,34	302,75	221,29	292,34	175,81	208,95	179,84	237,28	213,32	242,58	211,46	277,79	213,08	256,49
Total	291,89	300,50	238,29	290,80	197,88	209,14	192,53	236,38	222,84	245,09	228,21	278,61	218,45	256,09


Evolución Índices de Incidencia por sexo

Accidentes laborais de tráfico In Itinere




Evolución Índices de Incidencia por sector

Accidentes laborales de tráfico In Itínere



Evolución Índices de Incidencia por sector

Accidentes laborales de tráfico in Itínere



2018-2024
SINISTRALIDADE LABORAL
ACCIDENTES DE TRÁFICO
GALICIA



INSTITUTO DE
SEGURIDADE E SAÚDE
LABORAL DE GALICIA

